

Entrevista | María do Carme Kruckenberg

ESCRITORA

«Eu fun medrando coa cidade»

A poetisa viguesa vai ser homenaxeada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega no mesmo ano que se cumpre o cincuenta aniversario da súa primeira obra

Jorge Lamas

VIGO

■ Enchida de vitalidade e cun novo libro agardando no prelo, María do Carme Kruckenberg festexa este ano o cincuenta aniversario da publicación do seu primeiro libro, *Cantigas do vento*. Engádese a estes motivos de ledicia o feito de que a Asociación de Escritores en Lingua Galega decida distinguila co premio E de escritora. Onte, o presidente da asociación presentáballe á alcaldesa de Vigo os actos que conlevan o premio. Entre eles a colocación dun monolito na praza que leva o nome da poetisa. Este acto vaise desenvolver o vindeiro 3 de xuno, data na que a escritora cumprirá 80 anos.

—¿Como recibe este premio?

—O recollo coma un dos agasallos máis fermosos da miña vida porque o recibo desta asociación que tanto puxemos nela e que tanto queremos que medre até o máis alto da literatura de toda a península Ibérica. Así pois é un recoñecemento emotivo e emocionante para min.

—Este ano cúmprese o cincuenta aniversario da publicación do seu primeiro libro.

—Si, xustamente foi no mes de xaneiro.

—¿Que significaba daquela escribir en galego? ¿era unha actitude de rebeldía? ¿unha maneira de reafirmación persoal?

—Era todo iso xunto. Ese libro, *Cantigas do vento*, que lle puxo o nome Rafael Alberti, tivo que agardar sete anos para que foxe publicado. ¡Podes facerte unha idea do que era publicar un libro en galego! Era coma se colleras unha metralleta e saíses a rúa con ela. Parece que aquelas cantigas, tan doces e tan xúvenis, eran para algúns algo semellante a unha bomba.

—Aínda nesas, había xente disposta a manter o idioma na literatura.

—Si, eramos moitos os que publicamos a pesares de... É dicir, o meu primeiro libro saíu na editorial Alba, que tamén tiña unha revista e que durou seis números, máis o menos. Alí tamén publicou Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Ramón González Alegre e eu. E despois, Ramón, morreu. Por morte natural, non por ter publicado alí.

—Vostede tivo moita relación con importantes figuras



M. MORALEJO

A escritora viguesa nunha imaxe de arquivo

«Eu son feminina e adoro todo o que se faga a prol da muller pero non son feminista, coma tampouco son machista»

da literatura española e galega, ¿influíron estas amizades no seu achegamento a literatura activa?

—En realidade, eu comecei a xuntarme en Vigo, no Café Derby, cos intelectuais da época, xente coma Laxeiro, Colmeiro, Prego de Oliver, etc. Eu tiña 17 anos. Un día sentíame alí con eles. Acoñéronme moi gustosamente e dende aquela comecei a coñecer aos intelectuais galegos, coñecín a pintura de Galicia, os desexos do que queríamos que fose Galicia, etc. Despois, cando saltei a América, xa foron moitísimos os escritores que estaban no exilio, dos que fun amiga íntima e penso que moi querida.

—¿Que pensa do feminismo?

—Voulle dicir unha cousa que probablemente pouca xente saiba. Eu son feminina e adoro todo o que se faga a prol da muller, pero non me gusta a palabra feminista. Non por nada, é unha palabra importante, pero feminista é coma dicir machista e eu non son ningunha das dúas cousas. Son unha muller que desexa para as mulleres todo o mellor do mundo, como o desexo tamén para os homes.

«O meu próximo libro, que posiblemente sairá o vindeiro mes, é un libro duro que denuncia moitas cousas»

Nos últimos cincuenta anos, a muller foi reivindicándose, penso que non reivindicando a..., senón reivindicándose. E o home aínda non está afeito, por iso penso que a muller ten os dereitos absolutos perfectamente igual que os homes. Entón, páreceme que chamar feminismo a isto e un pouco coma estar en contra de..., e eu non estou en contra de ningún, parécenme o home e a muller exactamente o mesmo. Vouche dicir máis, endexamáis na miña vida, e traballei con moitísimos homes, sempre fun compañeira dos homes cos que traballei e sempre portáronse conmigo da mellor maneira que se pode ter cunha camarada.

—Polo que viviu e na época que lle tocou, vostede debeu de ser cualificada de rebelde.

—Eu son rebelde dende que nací. Son filla única e os meus pais me deron unha liberdade absoluta, pero fun rebelde sempre. Fun rebelde contra a pobreza, contra os privilexios, sempre. Para que te fagas unha idea de como era eu cando tiña sete anos, cóntoche unha anécdota: os meus pais tiñan unha finca en Coia, e regaláronme uns

pantalóns para xogar, e claro estaban novísimos, e os compañeiros de xogo tiñan todos os seus pantalóns recosidos porque era xente humilde. Eu díxenlle a miña nai que non quería ter os pantalóns novos senón coma estes rapaces porque endexamáis quisen parecer máis ca ninguén.

—¿E que representa Vigo na súa vida?

—É parte da miña vida e a de os meus ancestros. Nesta cidade viviron, traballaron e morreron moitas xeracións da miña familia durante 160 anos, que son moitos anos de Dios. Eu fun medrando coa cidade e síntome absolutamente viguesa e cada vez que se fai unha cousa ben feita alégrome moitísimo e cando a fan mal sofro coma unha anana.

—¿E cando foi a última vez que sufríu?

—E mellor non decilo. (ri)

—Xa no plano cultural, ¿como ve á cidade?

—Estamos a metade de camiño, aínda que crecendo notablemente. Colles as axendas dos periódicos e están cheas de actos de cotío.

—¿Cal é o papel que debe xogar a poesía hoxe en día?

—A poesía e o último eslabón que lle queda á beleza. O poeta é pobre porque non ten remuneración, a diferenza doutras artes coma por exemplo a pintura. Os libros de poesías os mercamos entre nós, regalámoslos pero non gañamos diñeiro con eles.

—Polo menos vostede ten unha praza co seu nome.

—Unha praza preciosísima. É unha das cousas das que me sinto máis orgullosa. Ademais, ese agasallo fixéronmo en vida, e o podes ver.

—¿Vai a miúdo por alí?

—Si.

—¿Que pensa cando está alí?

—Non mo creo. Penso, non sei quen é esa María. (ri)

—¿Está escribindo algo?

—Rematei xa un novo libro e xa está nos prelos de Espiral Maior. Penso que pode sair o vindeiro mes. Vaise chamar *As complexas mareas da noite*.

—¿Ten algún fío condutor?

—Si, sempre escribo os libros cunha idea preconcebida. É un libro duro que denuncia moitas cousas. Non é un libro para bailar senón para pensar. Neste momento, páreceme un dos meus mellores libros, pero é algo que sempre me pasa.